INVESTIGAMOS Voz NATURA

OS NOSOS TRABALLOS 5ºA

ANO INTERNACIONAL DOS BOSQUES

Co motivo do ANO INTERNACIONAL DOS BOSQUES, o pasado venres día 4 de novembro asistimos a unha videoconferencia no salón de actos sobre: OS BOSQUES. A ponente foi Dª Isabel Fraga Vila, profesora de Botánica e directora do Museo de Historia Natural da Universidade.

Comezou falándonos dos tipos de bosques: primarios, que non son explotados polos humanos e os secundarios que son aqueles que explotan os humanos.

Díxonos que son os pulmóns da Terra xa que nos proporcionan o osíxeno, os beneficios que nos dan as árbores, como medicinas, madeira etc…

Explicounos que un ecosistema é un conxunto de seres vivos e o seu medio físico, no ecosistema terrestre os factores máis importantes son: o clima ,o tipo de terreo e o relevo.

Falounos sobre o medio natural e os seus problemas: da contaminación cando se libera ao medio natural calquera substancia ou obxecto contaminante, do quecemento global , da deforestación a perda dos bosques, da biodiversidade,a variedade de especies de seres vivos que hai nun ecosistema, debido ás causas anteriores estanse a extinguir moitas especies en toda a Terra.

Tamén falou dos espazos protexidos, por exemplo: as Illas Atlánticas de Galicia.

Ao remate da ponencia os nenos de todos os os colexios que participamos fixémoslle preguntas ás que ela respondía.

Foi moi interesante, e ademais era a primeira vez participabamos nunha videoconferencia.

ESTACIÓN METEOROLÓXICA

O noso colexio, CEIP PIOXII, conta cunha pequeña estación meteorolóxica que mide e rexistra regularmente as variables meteorolóxicas. Os instrumentos e variables que medimos na estación son:

- O termómetro, mide a temperatura máxima e mínima.
- O barómetro, mide a presión atmosférica.
- O higrómetro, mide a humidade relativa do aire.
- O anemómetro, mide a velocidade do vento.
- O pluviómetro, mide a cantidade de precipitacións.

Os encargados de recoller os datos son os alumnos de 5º. Este mes recollémolos os de 5ºA.

Cada día, os alumnos de 5º en grupos de tres ou catro nenos (rotando por orde de lista) ao entrar, ás nove da mañá, imos a estación a recoller os datos rexistrados nos instrumentos, anotámolos nunha ficha e despois calculamos as precipitacións e a velocidade do vento.

Estes datos colócanse nun taboeiro que hai no último andar, para informar a todolos compañeiros sobre novidades climáticas.

INVESTIGAMOS Voz NATURA

AS ILLAS ATLÁNTICAS 5ºC

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é o primeiro e único con esta categoría da comunidade Autónoma galega e o segundo no territorio nacional de carácter marítimo-terrestre, xunto co arquipélago de Cabrera nas Baleares.

O Parque Nacional comprende os arquipélagos de: Cortegada, Sálvora, Ons e Cíes e o espacio marítimo que as rodea.

A súa localización fronte as Rías Baixas galegas crea unha barreira natural ante ó Océano que acentúa o ambiente estuárico das rías.

O valor ecolóxico do seu medio mariño é incalculable, entre as súas augas consérvanse algúns dos exemplos máis representativos de ecosistemas mariños atlánticos. O medio mariño do Parque posúe unha extraordinaria diversidade de especies de flora e fauna. Son importantes comunidades coma os bosques de algas pardas ou as asociadas a fondos como os de Maërl (formados por restos de algas calcáreas); tamén atopamos arrecifes, lagoas ou areais cubertos permanentemente por agua mariña pouco profundos .

ILLAS CÍES

O arquipélago está composto polas illas: Norte ou Monteagudo, do Medio ou do Faro e Sur ou San Martiño.

Na illa de Monteagudo atopamos o sistema dunar de Figueiras-Mixueiro, dende él chegase o Faro de Monteagudo ou de O Peito, onde existe un observatorio de aves.

Na illa do Faro atópanse a formación sedimentaria da Praia de Rodas que une as dúas illas, e o lago de Os Nenos.

Cara o Sur chégase ó observatorio de aves de Alto da Campá e ó Faro das Cíes. Preto localízase o Faro da Porta, ó carón do poboado Celta, Castro de As Hortas, de grande interese arqueolóxico. Tamén se conservan os restos dun mosteiro fundado no reino Galaico-Suevo.

ARQUIPIÉLAGO DE ONS

Situado na desembocadura da ría de Pontevedra . Está formado pola Illa de Ons (ó Norte), a Illa de Onza ou Onceta (ó Sur) e islotes coma Freitosa e Centolo. Nos acantilados das ladeiras de O Alto atópase o espectacular "Burato do Inferno".

ILLA DE CORTEGADA

Situada no fondo da ría de Arousa, non presenta elevacións destacadas.

ILLA SÁLVORA

Situada na desembocadura da ría de Arousa, presenta unha costa moi accidentada. As principais alturas son os altos de Milreu e As Galleiras.

A súa costa áspera e accidentada é un enorme viveiro natural de mariscos, especialmente percebes.

No ano 1770 estableceuse alí a primeira industria de salazón da ría, da que aínda quedan restos e un pequeño embarcadoiro.

Belén Valle Cao
Zuriñe Pérez Béliz
Sara Quintáns Corzón